

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A ASOCIACIÓN ÉRGUETE DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADITIVAS NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DUN INMOBLE INCLUÍDO NO PROGRAMA VIVENDAS DE APOIO Ó TRATAMENTO

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da consellería de Sanidade, DECLARA:

- Que a Consellería de Sanidade formalizou o 3.12.2024 coa citada asociación Érguete o instrumento convencional arriba referido, que entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o día 31.12.2024.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a colaboración da Consellería de Sanidade coa Asociación Érguete de Prevención e Intervención en Condutas Aditivas para o financiamento das obras de reforma dun inmoble situado no concello de Vigo, ao abeiro do programa residencial, Vivendas de Apoio ó Tratamento, coa finalidade xeral de mellorar a calidade de vida e normalización dos hábitos de conduta das mulleres e homes que se atopan a tratamento de adicción nalgunha das Unidades de Asistencia a Drogas (UADs) da comunidade galega, e non dispoñen dunha vivenda e do apoio persoal que cubra as súas necesidades básicas.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Dunha banda, a consellería de Sanidade ten como misión a mellora da saúde da poboación galega desde unha perspectiva comunitaria e de equidade. Para iso, identifica perigos para a saúde, os problemas de saúde e as poboacións máis susceptibles; avalía os riscos asociados aos perigos e os problemas de saúde identificados; vixía e monitoriza os perigos, os riscos e os problemas de saúde que afectan á poboación galega e, de acordo coas políticas de saúde da Comunidade Autónoma de Galicia, propón, planifica e, se procede, desenvolve programas e actuacións para controlar os riscos de enfermarse ou morrer prematuramente.

Doutra, Érguete é unha asociación sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública por Orde de 3 de maio de 2011 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con personalidade xurídica propia, que conta entre os seus fins co de apoiar, asesorar e axudar a familias e persoas que, directa ou indirectamente, estean afectadas por condutas aditivas. Especificamente, a Asociación Érguete vén desenvolvendo dende o ano 2009 un programa residencial, Vivendas de Apoio ó Tratamento, composto por tres vivendas en

réxime de alugueiro, dúas destinadas a homes e unha a mulleres, na cidade de Vigo, conveniado coa Consellería de Sanidade.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

